



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN DE ADULTOS DISCAPACITADOS DA CORUÑA (ADCOR), PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E DE PREVENCIÓN E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA DESTINADOS ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO EXERCICIO 2021

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Fundación ADCOR o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2021. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase a Fundación ADCOR dende o 1 de xaneiro de 2021 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o financiamento dos gastos derivados da execución de programas de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia destinados ás persoas adultas con discapacidade intelectual.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas orientadas á prevención da situación de dependencia e promoción da autonomía persoal das persoas adultas en situación de dependencia, e as súas familias, mediante unha atención integral personalizada.

Que conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o programa que desenvolve a Fundación ADCOR, ten como singularidade a execución de programas coa finalidade de proporcionar a habilitación profesional, persoal e social, para conseguir o máximo desenvolvemento das capacidades persoais e laborais das persoas adultas con discapacidade intelectual posibilitando a integración social.

Así mesmo, as actuacións a subvencionar a través deste convenio, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

